

XEFATURA DO ESTADO

19747 LEI ORGÁNICA 12/2003, do 24 de outubro, pola que se autoriza a ratificación do Tratado de Adhesión á Unión Europea da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca. («BOE» 257, do 27-10-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa sinatura en Atenas, o 16 de abril de 2003, do Tratado de Adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca culmina un proceso negociador, iniciado a principios de 1998, para a integración deses países na Unión Europea.

De conformidade co previsto no artigo 93 da nosa Constitución, resulta necesario que a prestación do consentimento do Estado para ratifica-lo referido tratado de adhesión sexa autorizada mediante lei orgánica, tal como ocorreu con motivo da adhesión da República de Austria, a República de Finlandia e do Reino de Suecia á Unión Europea.

Artigo único.

Autorízase a ratificación polo Reino de España do Tratado, feito en Atenas o 16 de abril de 2003, entre o Reino de Bélxica, o Reino de Dinamarca, a República Federal de Alemaña, a República Helénica, o Reino de España, a República Francesa, Irlanda, a República Italiana, o Gran Ducado de Luxemburgo, o Reino dos Países Baixos, a República de Austria, a República Portuguesa, a República de Finlandia, o Reino de Suecia, o Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte e a República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca, relativo á adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca á Unión Europea.

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

19748 LEI ORGÁNICA 13/2003, do 24 de outubro, de reforma da Lei de axuízamento criminal en materia de prisión provisional. («BOE» 257, do 27-10-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei orgánica ten por obxecto reforma-la regulación da prisión provisional. Trátase dunha institución que foi obxecto de varias modificacións desde a aprobación da Constitución. Así, operáronse reformas de maior ou menor profundidade da prisión provisional pola Lei 16/1980, do 22 de abril; a Lei orgánica 7/1983, do 23 de abril; a Lei orgánica 10/1984, do 26 de decembro, e, en fin, a Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio. A pesar destas sucesivas reformas, a prisión provisional está necesitada dunha nova modificación, que non debe agardar pola reforma global do noso axuízamento criminal.

Entre os obxectivos do Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza encóntrase o de abordar «a reforma da prisión provisional, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional». A consecución deste obxectivo resulta perentoria, porque a xurisprudencia do Tribunal Constitucional foi impondo requisitos —co tempo cada vez máis claros e esixentes— para que a institución da prisión provisional sexa respectuosa co contido esencial do dereito á liberdade, tal e como vén consagrado no artigo 17 da Constitución, e do dereito á presunción de inocencia, consagrado no artigo 24.2. Como sinalou o Alto Tribunal desde unha das súas primeiras sentencias, a prisión provisional sitúase «... entre o deber estatal de perseguir eficazmente o delicto, por un lado, e o deber estatal de asegurar-lo ámbito da liberdade do cidadán, por outro...» (STC 41/1982).

Sobre a prisión provisional existe actualmente —en efecto— un corpo de xurisprudencia constitucional que os nosos tribunais deben aplicar de cotío e que nalgúns aspectos non encontra o seu debido reflexo na regulación legal da institución. A mellor proba da urxencia con que debe ser emprendido o labor de adecua-la lei procesual penal ós postulados do Tribunal Constitucional neste tema é que o máximo intérprete da Constitución, na sentenza 47/2000, elevou autocuestión de inconstitucionalidade sobre os artigos 503 e 504 da Lei de axuízamento criminal.

II

O Tribunal Constitucional, de forma paulatina mais unívoca, foi establecendo unha serie de características que a prisión provisional debe cumprir en todo caso para se adecuar ós postulados da nosa Constitución. De entre elas, as que impoñen maiores esixencias e obrigan a esta reforma parcial da institución son a súa excepcionalidade e, sobre todo, a súa proporcionalidade.

A excepcionalidade da prisión provisional significa que no noso ordenamento xurídico a regra xeral debe se-la liberdade do imputado ou acusado durante a pendencia do proceso penal e, consecuentemente, que a privación de liberdade debe se-la excepción. Por tanto,

non pode haber máis supostos de prisión provisional que os que a lei de forma taxativa e razoablemente detallada preveña.

Importantes tamén son as esixencias que á lexislación impón o chamado principio de proporcionalidade. Este principio reclama que as normas legais restrictivas de dereitos fundamentais —e, no que agora importa, a prisión provisional, en canto restrictiva dos dereitos á liberdade e á presunción de inocencia— deban ter un contido tal que a limitación dos dereitos fundamentais que esta institución comporta sexa proporcionada ós fins que con ela se pretenden alcanzar.

En primeiro termo, a proporcionalidade —que constitúe un canon de lexitimidade das restricións de todo dereito fundamental ou liberdade pública— esixe adecuación da prisión provisional a determinados fins.

Isto significa que non toda finalidade xustifica a privación de liberdade do imputado ou acusado durante un proceso penal, senón que esta drástica medida só é admisible para a consecución de certos fins constitucionalmente lexítimos: estes non son outros, segundo o Tribunal Constitucional, que asegura-lo normal desenvolvemento do proceso e a execución da sentenza, así como evita-lo risco de reiteración delictuosa (STC 47/2000).

En segundo termo, a proporcionalidade esixe non soamente que a medida sexa adecuada ó cumprimento dun fin constitucionalmente lexítimo, senón que o sacrificio que á liberdade da persoa se impón sexa razoable en comparación coa importancia do fin da medida (proporcionalidade en sentido estricto).

Esta lei orgánica pretende dar resposta a esa necesidade imperiosa de adecual-a nosa lei procesual penal ás esixencias constitucionais que se acaban de expor.

III

Esta reforma leva a cabo un cambio notable na regulación dos presupostos para a adopción da prisión provisional. En primeiro lugar, establécese un límite mínimo para acordar-la prisión provisional dun suxeito: así, a prisión provisional está excluída se o máximo da pena prevista para o feito imputado non supera os dous anos de prisión, salvo naqueles casos excepcionais que prevé a lei.

En segundo lugar, o artigo 503 establece con precisión cales son os fins lexítimos que xustifican a prisión provisional. Esta debe conxurar en cada caso concreto un destes riscos: que o imputado se subtraia á acción da xustiza; que o imputado oculte, altere ou destrúa probas; ou que o imputado cometa novos feitos delictuosos. Neste último caso, o principio de proporcionalidade impón que a prisión provisional non se poida acordar por riscos xenéricos de que o imputado poida cometer calquera feito delictuoso. Por esixencia da presunción de inocencia, esta medida débese limitar a aqueles casos en que o risco sexa concreto. A lei contribúe a obxectivar este requisito, incrementando así as garantías procesuais do imputado.

Tamén se aborda unha profunda reforma da regulación da duración da prisión provisional. Comézase por enunciar-lo principio, derivado da excepcionalidade antes apuntada e do disposto no artigo 17.4 da Constitución, de que a prisión provisional non pode ter unha duración indefinida, senón que unicamente poderá manterse en canto subsistan os fins constitucionalmente lexítimos que a xustifican nun caso concreto. Partindo desta premissa, o artigo 504 regula os diversos supostos de duración máxima e o seu cómputo, tendo de novo en conta a esixencia de proporcionalidade. Dito sinxelamente, un suxeito non pode permanecer indefinidamente privado

de liberdade sen que fose declarada a súa culpabilidade, aínda cando subsistan os riscos que o artigo 503 establece. Deste modo, como aconteceu ata agora, os prazos máximos de duración da privación provisional impoñen, sequera sexa de maneira indirecta ou mediata, unha carga á Administración de Xustiza penal para actuar sen dilacións indebidas. Neste sentido, a lei dá resposta á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, recibida polo noso Tribunal Constitucional, sobre o dereito de toda persoa detida preventivamente a ser xulgada nun prazo razoable ou a ser posta en liberdade durante o procedemento, garantido no artigo 5.3 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

IV

Ademais das fundamentais cuestións dos presupostos e da duración da prisión provisional, que son sen dúbida as máis necesitadas de reforma á luz da xurisprudencia constitucional, esta lei orgánica incide tamén noutros aspectos importantes desta institución.

No que respecta ó procedemento, mantense a regra, introducida na reforma operada pola Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, de que a prisión provisional soamente poderá ser acordada por instancia do Ministerio Fiscal ou dunha parte acusadora. Así mesmo, mantense a regra de que a medida só se pode acordar despois da celebración dunha audiencia na cal o xuíz ou tribunal oíse as alegacións das partes e tivese en conta, se é o caso, as probas presentadas. En relación con isto, o artigo 505 introduce certas melloras técnicas e dá resposta a problemas concretos que se tiñan suscitado na práctica.

No que respecta á resolución pola que se acorda a prisión provisional, incídese na necesidade da súa motivación, de acordo coas esixencias constitucionais. Prés-tase particular atención ó suposto en que a privación de liberdade se acorde en casos en que o sumario se declarase secreto: o artigo 506 tenta dar unha solución que alcance a concordancia práctica entre o dereito do imputado a coñecer-los motivos polos que é privado de liberdade e a necesidade do Estado de investigar eficazmente os feitos aparentemente delictuosos.

No que respecta ós recursos fronte ás resolucións sobre prisión ou liberdade provisionais, o artigo 507 tenta simplificar e accelera-la súa tramitación, ó dispor que en todo caso a apelación se substancie polas vías do artigo 766, isto é, a través das normas do recurso de apelación do procedemento abreviado. Ademais, nese artigo preténdese deixar claro que cando, declarada secreta a instrucción, o imputado non tivo coñecemento íntegro do auto de prisión ata que se levantou o segredo, pode impugnar tanto o auto que lle foi inicialmente notificado como, posteriormente, o auto íntegro.

No que respecta ás modalidades da prisión provisional, mantéñense, dun lado, a tradicional prisión atenuada e, doutro lado, refórmase notablemente a prisión incomunicada. Así, establécense con precisión os presupostos, duración e contido da incomunicación, modernizando unha regulación claramente arcaica e obsoleta.

Artigo primeiro.

Dáselles nova redacción ós seguintes artigos do capítulo III do título VI do libro II da Lei de axuízamento criminal:

«Artigo 502.

1. Poderá decreta-la prisión provisional o xuíz ou maxistrado instructor, o xuíz que forme as pri-

meiras dilixencias, así como o xuíz do penal ou tribunal que coñeza da causa.

2. A prisión provisional soamente se adoptará cando obxectivamente sexa necesaria, de conformidade co establecido nos artigos seguintes, e cando non existan outras medidas menos gravosas para o dereito á liberdade a través das cales se poidan alcanza-los mesmos fins que coa prisión provisional.

3. O xuíz ou tribunal terá en conta para adoptar-la prisión provisional a repercusión que esta medida poida ter no imputado, considerando as súas circunstancias e as do feito obxecto das actuacións, así como a entidade da pena que puiden ser imposta.

4. Non se adoptará en ningún caso a prisión provisional cando das investigacións practicadas se infira racionalmente que o feito non é constitutivo de delito ou que se cometeu concorrendo unha causa de xustificación.»

«Artigo 503.

1. A prisión provisional só poderá ser decretada cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que conste na causa a existencia dun ou varios feitos que presenten caracteres de delito sancionado con pena o máximo da cal sexa igual ou superior a dous anos de prisión, ou ben con pena privativa de liberdade de duración inferior se o imputado tiver antecedentes penais non cancelados nin susceptibles de cancelación, derivados de condena por delito doloso.

Se foren varios os feitos imputados observárase o previsto nas regras especiais para a aplicación das penas, conforme o disposto na sección 2.ª do capítulo II do título III do libro I do Código penal.

2.º Que aparezan na causa motivos bastantes para crer responsable criminalmente do delito a persoa contra quen se deba dicta-lo auto de prisión.

3.º Que mediante a prisión provisional se persiga algún dos seguintes fins:

a) Asegura-la presenza do imputado no proceso cando se poida inferir racionalmente un risco de fuga.

Para valora-la existencia deste perigo atenderase conxuntamente á natureza do feito, á gravidade da pena que se puidese impor ó imputado, á situación familiar, laboral e económica deste, ben como á inminencia da celebración do xuízo oral, en particular naqueles supostos en que procede incoa-lo procedemento para o axuizamento rápido regulado no título III do libro IV desta lei.

Procederá acordar por esta causa a prisión provisional da persoa imputada cando, á vista dos antecedentes que resulten das actuacións, fosen dadas polo menos dúas requisitorias para o seu chamamento e busca por calquera órgano xudicial nos dous anos anteriores. Nestes supostos non será aplicable o límite que respecto da pena establece o ordinal 1.º deste número.

b) Evita-la ocultación, alteración ou destrución das fontes de proba relevantes para o axuizamento nos casos en que exista un perigo fundado e concreto.

Non procederá acordar-la prisión provisional por esta causa cando pretenda inferirse o perigo unicamente do exercicio do dereito de defensa ou de falta de colaboración do imputado no curso da investigación.

Para valora-la existencia deste perigo atenderase á capacidade do imputado para acceder por si ou a través de terceiros ás fontes de proba ou para

influír sobre outros imputados, testemuñas ou peritos ou os que o puidesen ser.

c) Evitar que o imputado poida actuar contra bens xurídicos da vítima, especialmente cando esta sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do Código penal. Nestes casos, non será aplicable o límite que respecto da pena establece o ordinal 1.º deste número.

2. Tamén se poderá acordar-la prisión provisional, concorrendo os requisitos establecidos nos ordinais 1.º e 2.º do número anterior, para evita-lo risco de que o imputado cometa outros feitos delictuosos.

Para valora-la existencia deste risco atenderase ás circunstancias do feito, así como á gravidade dos delitos que se puidesen cometer.

Soamente se poderá acordar-la prisión provisional por esta causa cando o feito delictuoso imputado sexa doloso. Non obstante, o límite previsto no ordinal 1.º do número anterior non será aplicable cando dos antecedentes do imputado e demais datos ou circunstancias que presente a policía xudicial ou resulten das actuacións, se poida racionalmente inferir que o imputado vén actuando concertadamente con outra ou outras persoas de forma organizada para a comisión de feitos delictuosos ou realiza as súas actividades delictuosas con habitualidade.»

«Artigo 504.

1. A prisión provisional durará o tempo imprescindible para alcanzar calquera dos fins previstos no artigo anterior e en canto subsistan os motivos que xustificaron a súa adopción.

2. Cando a prisión provisional se decretase en virtude do previsto na alínea a) do ordinal 3.º do número 1 ou no número 2 do artigo anterior, a súa duración non poderá exceder dun ano se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos, ou de dous anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delito for superior a tres anos. Non obstante, cando concorreren circunstancias que fixeren prever que a causa non poderá ser xulgada naqueles prazos, o xuíz ou tribunal poderá, nos termos previstos no artigo 505, acordar mediante auto unha soa prórroga de ata dous anos, se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade superior a tres anos, ou de ata seis meses, se o delito tivese sinalada pena igual ou inferior a tres anos.

Se for condenado o imputado, a prisión provisional poderase prorrogar ata o límite da metade da pena efectivamente imposta na sentenza, cando esta fose impugnada.

3. Cando a prisión provisional se acordase en virtude do previsto no número 1.3.º b) do artigo anterior, a súa duración non poderá exceder de seis meses.

Non obstante, cando se decretase a prisión incommunicada ou o segredo do sumario, se antes do prazo establecido no parágrafo anterior se levántase a incommunicación ou o segredo, o xuíz ou tribunal deberá motiva-la subsistencia do presuposto da prisión provisional.

4. A concesión da liberdade polo transcurso dos prazos máximos para a prisión provisional non impedirá que esta se acorde no caso de o imputado, sen motivo lexítimo, deixar de comparecer a calquera chamamento do xuíz ou tribunal.

5. Para o cómputo dos prazos establecidos neste artigo terase en conta o tempo que o imputado estivese detido ou sometido a prisión provisional pola mesma causa.

Excluirase, non obstante, daquel cómputo o tempo en que a causa sufrise dilacións non imputables á Administración de Xustiza.»

«Artigo 505.

1. Cando o detido for posto á disposición do xuíz de instrucción ou tribunal que deba coñecer da causa, este, salvo que decretar a súa liberdade provisional sen fianza, convocará a unha audiencia na cal o Ministerio Fiscal ou as partes acusadoras poderán solicitar que se decrete a prisión provisional do imputado ou a súa liberdade provisional con fianza.

Nos supostos do procedemento regulado no título III do libro IV desta lei, este trámite substanciarase conforme o establecido no artigo 798, salvo que a audiencia se celebre con anterioridade.

2. A audiencia prevista no número anterior deberase celebrar no prazo máis breve posible dentro das 72 horas seguintes á posta do detido á disposición xudicial e a ela citarase o imputado, que deberá estar asistido de letrado elixido por el ou designado de oficio, o Ministerio Fiscal e as demais partes constituídas. A audiencia deberase celebrar tamén para solicitar e decretar, se é o caso, a prisión provisional do imputado non detido ou a súa liberdade provisional con fianza.

3. Nesa audiencia, se o Ministerio Fiscal ou algunha parte acusadora solicitar que se decrete a prisión provisional do imputado ou a súa liberdade provisional con fianza, poderán os que concorreren realizar alegacións e propo-los medios de proba que poidan practicarse no acto ou dentro das 72 horas antes indicadas no número anterior.

4. O xuíz ou tribunal decidirá sobre a procedencia ou non da prisión ou da imposición da fianza. Se ningunha das partes as instar, acordará necesariamente a inmediata posta en liberdade do imputado que estiver detido.

5. Se por calquera razón a audiencia non se puiden celebrar, o xuíz ou tribunal poderá acorda-la prisión provisional, se concorreren os presupostos do artigo 503, ou a liberdade provisional con fianza. Non obstante, dentro das seguintes 72 horas, o xuíz ou tribunal convocará unha nova audiencia, adoptando as medidas a que houber lugar pola falta de celebración da primeira audiencia.

6. Cando o detido for posto á disposición de xuíz distinto do xuíz ou tribunal que coñeza ou deba coñecer da causa, e o detido non puiden ser posto á disposición deste último no prazo de 72 horas, procederá o primeiro de acordo co previsto nos números anteriores. Non obstante, unha vez que o xuíz ou tribunal da causa reciba as dilixencias, oír o imputado, asistido do seu avogado, tan logo como lle fose posible e dictará a resolución que proceda.»

«Artigo 506.

1. As resolucións que se dicten sobre a situación persoal do imputado adoptarán a forma de auto. O auto que acorde a prisión provisional ou dispoña a súa prolongación expresará os motivos polos que a medida se considera necesaria e proporcionada respecto dos fins que xustifican a súa adopción.

2. Se a causa fose declarada secreta, no auto de prisión expresaranse os particulares deste que, para preservar-la finalidade do segredo, deban ser omitidos da copia que teña de notificarse. En ningún caso se omitirá na notificación unha sucinta descrición do feito imputado e de cál ou cáles dos fins previstos no artigo 503 se pretende conseguir

coa prisión. Cando se levante o segredo do sumario, notificarase de inmediato o auto íntegro ó imputado.

3. Os autos relativos á situación persoal do imputado poranse en coñecemento dos directamente ofendidos e prexudicados polo delicto a seguranza dos cales puidese verse afectada pola resolución.»

«Artigo 507.

1. Contra os autos que decreten, prorroguen ou deneguen a prisión provisional ou acorden a liberdade do imputado poderase exercer-lo recurso de apelación nos termos previstos no artigo 766, que gozará de tramitación preferente. O recurso contra o auto de prisión deberase resolver nun prazo máximo de 30 días.

2. Cando en virtude do disposto no número 2 do artigo anterior non se notificase integramente o auto de prisión ó imputado, este tamén poderá impugna-lo auto íntegro cando lle sexa notificado, de conformidade co disposto no número anterior.»

«Artigo 508.

O xuíz ou tribunal poderá acorda-la substitución da prisión provisional do imputado polo seu arresto domiciliario cando por razón de enfermidade ou internamento entrañe grave perigo para a súa saúde. O arresto domiciliario acordarase coa vixilancia que resulte necesaria. O xuíz ou tribunal poderá autorizar que o imputado saia do seu domicilio durante as horas necesarias para o tratamento da súa enfermidade, sempre coa vixilancia precisa.»

«Artigo 509.

1. O xuíz de instrucción ou tribunal poderá acorda-la detención ou prisión incomunicadas para evitar que se subtraian á acción da xustiza persoas supostamente implicadas nos feitos investigados, ou que se oculten, alteren ou destrúan probas relacionadas coa súa comisión, ou que se cometan novos feitos delictuosos.

2. A incomunicación dos detidos ou presos durará o tempo estritamente necesario para practicar con urxencia dilixencias tendentes a evita-los perigos a que se refire o número anterior. A incomunicación non se poderá estender alén de cinco días. Nos casos en que a prisión se acorde en causa por algún dos delitos a que se refire o artigo 384 bis ou se trate de investigacións que afecten actividades propias da delincuencia organizada, a incomunicación poderase prorrogar por outro prazo non superior a cinco días.

Non obstante, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa poderá mandar que volva quedar incomunicado o preso, aínda despois de ter sido posto en comunicación, sempre que a causa ofrezca méritos para isto. Esta segunda incomunicación non excederá en ningún caso dos tres días.»

«Artigo 510.

1. O incomunicado poderá asistir coas precaucións debidas ás dilixencias en que lle dea intervención esta lei cando a súa presenza non poida desvirtua-lo obxecto da incomunicación.

2. Permitiráselle ó preso contar cos efectos que el se proporcione sempre e cando a xuízo de xuíz ou tribunal non frustren os fins da incomunicación.

3. O preso non poderá realizar nin recibir comunicación ningunha. Non obstante, o xuíz ou tribunal poderá autorizar comunicacións que non frustren a finalidade da prisión incomunicada e adoptará, se é o caso, as medidas oportunas.»

«Artigo 511.

1. Para levar a efecto o auto de prisión expediranse dous mandamentos: un á policía xudicial ou axente xudicial, se é o caso, que o deba executar, e outro ó director do establecemento que deba recibilo preso.

No mandamento consignaranse os datos persoais que consten do imputado, o delito que dea lugar ó procedemento e se a prisión debe ser con comunicación ou sen ela.

2. Os directores dos establecementos non recibirán ningunha persoa en condición de preso sen que se lles entregue mandamento de prisión.

3. Unha vez dictado auto polo que se acorde a liberdade do preso, inmediatamente expediráselle mandamento ó director do establecemento.»

Artigo segundo.

Dáselles nova redacción ós artigos da Lei de axuizamento criminal que a seguir se relacionan:

Un. O artigo 529 queda redactado na forma seguinte:

«Cando non se acordase a prisión provisional do imputado, o xuíz ou tribunal decretará, conforme o previsto no artigo 505, se o imputado debe dar ou non fianza para continuar en liberdade provisional.

No mesmo auto, se o xuíz ou tribunal decretase a fianza, fixará a calidade e cantidade da que deberá prestar.

Este auto notificaráselle ó imputado, ó Ministerio Fiscal e ás demais partes constituídas e será impugnado de acordo co previsto no artigo 507.»

Dous. O artigo 530 queda redactado na forma seguinte:

«O imputado que deba estar en liberdade provisional, con ou sen fianza, constituirá apud acta obriga de comparecer nos días que lle foren sinalados no auto respectivo, e ademais cantas veces for chamado ante o xuíz ou tribunal que coñeza da causa. Para garanti-lo cumprimento desta obriga, o xuíz ou tribunal poderá acordar motivadamente a retención do seu pasaporte.»

Tres. Os parágrafos terceiro e cuarto do artigo 539 da Lei de axuizamento criminal quedan redactados da forma seguinte:

«Para acorda-la prisión ou a liberdade provisional con fianza de quen estiver en liberdade ou agravalas condicións da liberdade provisional xa acordada substituíndoa pola de prisión ou liberdade provisional con fianza, requirírase solicitude do Ministerio Fiscal ou dalgunha parte acusadora, resolvéndose logo de celebración da comparecencia a que se refire o artigo 505.

Non obstante, se a xuíz ou tribunal concorreren os presupostos do artigo 503, procederá a dictar auto de reforma da medida cautelar, ou mesmo de prisión, se o imputado se encontrase en liberdade, pero debendo convocar, para dentro das 72 horas seguintes, á indicada comparecencia.»

Artigo terceiro.

Dáselle unha nova redacción ó último parágrafo do artigo 544 bis:

«En caso de incumprimento por parte do inculcado da medida acordada polo xuíz ou tribunal,

este convocará á comparecencia regulada no artigo 505 desta lei para a adopción da prisión provisional nos termos do artigo 503 ou doutra medida cautelar que implique unha maior limitación da súa liberdade persoal, para o cal se terán en conta a incidencia do incumprimento, os seus motivos, gravidade e circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades que do incumprimento puidesen resultar.»

Artigo cuarto.

1. Engádesse un novo parágrafo ó artigo 306 da Lei de axuizamento criminal co seguinte contido:

«Cando nos órganos xudiciais existan os medios técnicos precisos, o fiscal poderá intervir nas actuacións de calquera procedemento penal, incluída a comparecencia do artigo 505, mediante videoconferencia ou outro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son.»

2. Dáselle contido ó artigo 325 da Lei de axuizamento criminal:

«Artigo 325.

O xuíz, de oficio ou por instancia de parte, por razóns de utilidade, seguridade ou de orde pública, así como naqueles supostos en que a comparecencia de quen deba intervir en calquera tipo de procedemento penal como imputado, testemuña, perito, ou noutra condición resulte particularmente gravosa ou prexudicial, poderá acordar que a comparecencia se realice a través de videoconferencia ou outro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son, de acordo co disposto no número 3 do artigo 229 da Lei orgánica do poder xudicial.»

3. Engádeselle un novo artigo 731 bis á Lei de axuizamento criminal:

«Artigo 731 bis.

O tribunal, de oficio ou por instancia de parte, por razóns de utilidade, seguridade ou de orde pública, ben como naqueles supostos en que a comparecencia de quen deba intervir en calquera tipo de procedemento penal como imputado, testemuña, perito, ou noutra condición resulte gravosa ou prexudicial, poderá acordar que a súa actuación se realice a través de videoconferencia ou outro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son, de acordo co disposto no número 3 do artigo 229 da Lei orgánica do poder xudicial.»

4. Dáselle nova redacción ó parágrafo inicial do número 1 do artigo 797 da Lei de axuizamento criminal:

«1. O xulgado de garda, despois de recibilo atestado policial, xunto cos obxectos, instrumentos e probas que, se é o caso, o acompañen, incoará, se procede, dilixencias urxentes. Contra este auto non caberá recurso ningún. Sen prexuízo das demais funcións que ten encomendadas, practica-rá, cando resulten pertinentes, as seguintes dilixencias, na orde que considere máis conveniente ou aconsellen as circunstancias, coa participación activa do Ministerio Fiscal.»

Disposición adicional única.

Engádeselle ó artigo 229 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, un novo número 3 co seguinte contido:

«3. Estas actuacións poderanse realizar a través de videoconferencia ou outro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son e a interacción visual, auditiva e verbal entre dúas persoas ou grupos de persoas xeograficamente distantes, asegurando en todo caso a posibilidade de contradicción das partes e a salvagarda do dereito de defensa, cando así o acorde o xuíz ou tribunal.

Nestes casos, o secretario xudicial do xulgado ou tribunal que acordase a medida acreditará desde a propia sede xudicial a identidade das persoas que interveñan a través da videoconferencia mediante a remisión previa ou a exhibición directa de documentación, por coñecemento persoal ou por calquera outro medio procesual idóneo.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogados os artigos 504 bis.2 e 517, ben como o parágrafo segundo do artigo 518 da Lei de axuízamento criminal.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

19800 LEI 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos. («BOE» 258, do 28-10-2003.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Unión Europea, con data do 29 de marzo de 1999, adoptou a Directiva 1999/22/CE, relativa ó mantemento de animais salvaxes en parques zoolóxicos, co fin de establecer unha base común ós Estados membros que propicie a correcta aplicación da lexislación comunitaria en materia de conservación da fauna silvestre, e que, por outro lado, asegure o desempeño polos parques zoolóxicos do seu importante papel na educación pública, a investigación científica e a conservación das especies. Con esta finalidade, a directiva esixe

o establecemento dun réxime de autorización e de inspección dos parques zoolóxicos que garanta o cumprimento de condicións básicas de sanidade, benestar e seguridade, para mante-la boa saúde física e psíquica dos animais salvaxes que habitan nos devanditos parques.

As prescricións da citada directiva son coherentes coas obrigas impostas no Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, que obriga os Estados membros a disporen de instalacións adecuadas para o albergue e o coidado para os casos de importación de espécimes vivos de gran número de especies, e no que se prohibe a exposición pública con fins comerciais de espécimes das especies do seu anexo A, salvo en caso de concreta excepción xustificada por fins educativos, de investigación ou cría. Así mesmo, son coherentes co disposto na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, que prohiben a captura, mantemento e comercio de gran número de especies, pero permiten determinadas excepcións, precisamente, para a investigación, a educación e a cría, a repoboación e a reintroducción de especies.

Por outro lado, o Convenio para a conservación da diversidade biolóxica, feito en Río de Janeiro o 5 de xuño de 1992, é o primeiro instrumento xurídico internacional que recolle os termos «conservación "in situ" e "ex situ"» como mecanismos de protección dos recursos biolóxicos e xenéticos. A este respecto, o citado convenio define as medidas «in situ» como «a conservación dos ecosistemas e os hábitats naturais e o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies nos seus contornos naturais», ó tempo que determina a importante función complementaria das medidas «ex situ», orientadas a establecer instalacións para a conservación e a investigación de plantas, animais e microorganismos, a adoptar medidas para a recuperación, rehabilitación e reintroducción de especies ameazadas nos seus hábitats naturais, a xestionar a recolección de recursos biolóxicos dos hábitats naturais e a cooperar, financeira, científica e tecnicamente, á conservación «ex situ». Accións, todas elas, en que os zoolóxicos poden e deben ser suxeitos activos de gran valor.

En definitiva, os parques zoolóxicos deben ser unha fonte de coñecementos científicos que estea á disposición de universidades, de institucións dedicadas á investigación e de organizacións comprometidas coa conservación da natureza, a fin de que estas entidades poidan contribuír non só á conservación «ex situ» das especies silvestres, senón tamén á súa conservación «in situ» a medida que os seus hábitats se van reducindo e a súa distribución xeográfica se vai facendo máis fragmentada.

En España existe un baleiro xurídico sobre a protección da fauna silvestre en catividade, pois a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, aínda que recolle as medidas de conservación fóra do hábitat natural de cada especie (conservación «ex situ»), faino timidamente, como criterio de actuación das administracións públicas en favor da preservación da diversidade xenética. Ademais, a lexislación española sobre agrupacións zoolóxicas en xeral só establece requisitos de tipo hixiénico-sanitario, fundamentalmente, e tamén algunhas normas sobre autorización e rexistro de núcleos zoolóxicos, establecementos para a equitación, centros para o fomento e coidado de animais de compañía e similares.

Así mesmo, os parques zoolóxicos deben ter como función o fomento da educación e da toma de conciencia